

# **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2016.**

## ASISTENTES:

### Presidente:

D. Gonzalo Concheiro Coello

### Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luís Rico Vereá
- D. José Luis Rivas Cruz
- D<sup>a</sup>. Raquel Val Vázquez
- D<sup>a</sup>. Sandra Sanchez Íñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:02 horas do día vinte e oito de abril de dous mil dezaseis, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde D. Gonzalo Concheiro Coello.

Non asiste, que xustifica a súa ausencia, a concelleira Dna. Ana Ledo Fernández.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto a convocatoria, as actas pendentes de aprobación que son 4: a sesión extraordinaria celebrada o 30/06/2015, a sesión extraordinaria de 9/07/2015, a sesión especial Moción de censura de 14/08/2015 e a sesión ordinaria de 25/02/2016.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas.

Expón o concelleiro do BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz, que na acta de 25/02/2016 non se recollen ben as intervencións en rogos e preguntas concreta en relación con rogos e preguntas no que se recolle da súa intervención “ en Boimorto hai uns depósitos para almacenar aceite que van ó río. Hai que concienciar á xente para non contaminar “ di o concelleiro que non ten sentido esta transcripción que el referíase a necesidade de reciclado de aceites e a necesidade de bidóns para poder facer dita reciclaxe”. A concelleira do BNG, D<sup>a</sup> Raquel Val aclara que cando preguntou sobre a prórroga do contrato da condutora dixo expresamente da residencia.

A concelleira do PSdG-PSOE solicita a Alcaldía que a autorice á lectura, para rectificación e aclaración da acta de 25/02/2016, dun escrito da concelleira ausente D<sup>a</sup> Ana Ledo. Escrito no que se sinala, segundo lectura expresa, o seguinte para que sexa aprobada a acta con esta aclaración:

“Na acta recóllese, entrecomillado, unha parte moi escueta a miña intervención (“...teño que **facen una aclaración ó comentario do pleno anterior de que non aparecen os ingresos do churrasco e da castañada para salvagardar a participación dos traballadores. Para ter uns gastos hai que ter uns ingresos. Puxen o exemplo do churrasco e o bar da castañada. Estes ingresos non figuraban na contabilidade porque eles mesmos fixeron a castañada e pagaron os gastos. Non aparecen e non quixera deixar ó aire cuestións que dean lugar a males entendidos (...)**”). Esta redacción pode dar a entender que os empregados municipais fixeron uso privativo de parte da recadación da actividade do Magosto de 2014 e non é así.

Este extremo está lonxe de ser a miña intención pois os cartos recadados en base a un prezo público, aprobado con anterioridade, foron ingresados na súa totalidade na Caixa da Corporación ese mesmo mes.

As miñas verbas ían referidas ó tema do Bar, que se montou paralelamente á citada actividade coa miña autorización e que foi explotada polos traballadores a título persoal, ademais de para facer un servizo a todos os asistentes que participaron (e que o concello non pode prestar) para poder sufragar eles a cena de Nadal. Este uso non deixa de ser similar ó que adoptou o goberno actual de cederllo a una asociación cultural ou a outras formas adoptadas con anterioridade.

Aproveito para expresar as miñas disculpas por non acudir ó pleno da corporación xa que me atopo convalecente dunha enfermidade, senón faría esta aclaración verbalmente no Punto Primeiro da Orde do Día, a fin de que non malinterpretaran as miñas verbas”

Tras o anterior, se somete á aprobación coas rectificacións e aclaracións sinaladas considerando que non hai variación do contido sucinto das actas e explicando a secretaria que as actas redactanse de maneira sucinta (artigo 109.1g) do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro).

- Acta de sesión extraordinaria do Pleno do Concello de data 30/06/2015, queda aprobada por unanimidade, con dez votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG.

- Acta de sesión extraordinaria do Pleno do Concello de data 9/07/2015, queda aprobada por unanimidade, con dez votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG.

- Acta de sesión especial Moción de censura do Pleno do Concello de data 14/08/2015, queda aprobada por maioría, todos menos Raquel que é abstención co comentario de D. Xosé Luis Rivas de que a intervención de D. Gonzalo Concheiro non foi tan ampla como se reflexa na acta. Intervén a Secretaria para sinalar que si foi así, xa que non o inventou.

- Acta de sesión ordinaria do Pleno do Concello de data 25/02/2016, queda aprobada con cinco votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e a abstención dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG.

## **2.- DITAME EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2016 CON LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO**

Pola Secretaria dáse lectura o ditame da comisión informativa permanente especial de contas relacionado con este punto da orde do día:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas por maioría ( aplicando o sistema de voto ponderado ) con 3 votos a favor , un dos concelleiros do grupo municipal do PP, presidente da Comisión, un do concelleiro membro non adscrito, un da concelleira do grupo municipal do PsdG-Psoe e co voto en contra do concelleiro do grupo municipal do BNG; ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Levantar reparo da secretaría intervención de data 14/04/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

**SEGUNDO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/16 indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2016 que se indican a continuación:

<b>Nº. Factura/Data (Rexistro entrada)</b>	<b>Titular NIF/CIF</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>	<b>Partida orçamento 2016</b>
Relación FACEs Data emisión Novembro 2015	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibos alumeados públicos lecturas out/15 ao nov/15	5.916,85 €	165.22100
01151110769896-19/11/15		Recibos antigas escolas unitarias período 28/09/15 ao 25/11/15	126,39 €	337.22100
01151111487231-19/11/15		Recibos locais sociais de Souto, Gándara e Nogaredo período 25/09/15 ao 25/11/15	244,71 €	337.22100
01151110770860-19/11/15		Recibo Protección Civil período 9/10/15 ao 11/11/15	50,75 €	920.22100
0115111481000-29/11/15		Recibo edificio servizos múltiples período 28/09/15 ao 25/11/15	52,84 €	337.22100
0115111484998-29/11/15		Recibo refuxio de Sendelle período 9/10/15 ao 11/11/15	19,80 €	920.22100
0115111517573-29/11/15		Recibo PAI período 28/09/15 ao 25/11/15	141,22 €	326.22100
01151110995953-23/11/15		Recibo baixo do concello período 28/09/15 ao 25/11/15	52,60 €	920.22100
09/12/15-12/12/15 14/12/15-18/12/15 19/12/15- 13/01/16-14/01/16		Recibo centro médico período 28/09/15 ao 25/11/15	106,50 €	312.22100
04/12/15-05/12/15 12/12/15/ 13/01/2016		Recibo depósito de Boimil período 15/10/15 ao 19/11/15	206,81 €	161.22100
12/12/2015/ 13/01/2016		Subministro alumeados públicos mes 12/2015	6.693,69 €	165.22100
01151210883250 19/12/2015 14/01/2016		Recibos antigas escolas de Boavista, Liñeiro e Casanova período 07/10/15 a 7/12/15	79,98€	337.22100
01151210010833 04/12/2015/ 13/01/2016		Recibos locais sociais Corneda e Rodieiros período 7/10/15 ao 7/12/15	62,63 €	337.22100
01151210889903 19/12/2015/ 13/01/2016		Recibo Protección Civil período 11/11/15 ao 11/12/15	48,98 €	920.22100
	Recibo antiga cámara agraria período 28/09/15 ao 1/12/15	19,70 €	337.22100	
	Recibo refuxio de Sendelle período 11/11/15 ao 11/12/15	18,56 €	920.22100	
	Recibo depósito de Boimil período			

01151210781423 18/12/2015/ 13/01/2016		19/11/15 ao 11/12/15	180,81 €	161.22100
FE15321188233712- 19/11/15	Gas Natural Servicios, SDG, S.A. A08431090	Recibo albergue período do 10/10/15 ao 11/11/15	312,06 €	432.22100
FE15321187361348- 04/11/15		Recibo alumado público Gándara período do 11/09/15 ao 09/10/15	194,96 €	165.22100
FE15321188182179- 18/11/15		Recibo da residencia período do 10/10/15 ao 11/11/15	1.595,82 €	231.22100
FE15321188552292- 24/11/15		Recibo estación potabilizadora período do 16/10/15 ao 19/11/16	1.703,57 €	161.22100
FE15321188182177- 18/11/15		Recibo campo de fútbol período do 10/10/15 ao 11/11/15	1.363,56 €	342.22100
FE15321188233714- 19/11/15		Recibo colexio período do 10/10/15 ao 11/11/15	756,79 €	323.22100
FE15321188182178- 18/11/15		Recibo piscina período do 10/10/15 ao 11/11/15	137,95 €	342.22100
FE15321188233713- 19/11/15		Recibo polideportivo período do 10/10/15 ao 11/11/15	221,39 €	342.22100
FE15321191203710 23/12/2015/ 08/01/2016		Recibo alumado público Gándara período 10/10/15 ao 11/12/15	577,35 €	165.22100
FE15321191203708 23/12/2015/ 08/01/2016		Recibo campo de fútbol período 12/11/15 ao 11/12/15	1.014,27 €	342.22100
FE15321191055290 22/12/2015/ 08/01/2016		Recibo polideportivo período 12/11/15 ao 07/12/15	188,02 €	342.22100
FE15321190893956 21/12/2015/ 08/01/2016		Recibo colexio período 12/11/15 ao 07/12/15	833,23 €	323.22100
FE15321191203709 23/12/2015/ 08/01/2016		Recibo piscina período 12/11/15 ao 11/12/15	127,05 €	342.22100
FE15321190831738 21/12/2015/ 08/01/2016		Recibo casa concello período 29/09/15 ao 25/11/15	752,80 €	920.22100
FE15321190824644 18/12/2015/ 08/01/2016	Recibo residencia período 12/11/15 ao 14/12/15	1.451,94 €	231.22100	
FE15321191055289 22/12/2015/ 07/01/2016	Recibo estación potabilizadora período 20/11/15 ao 16/12/15	966,11€	161.22100	
FE15321191296490 24/12/2015/ 08/01/2016	Recibo albergue período 12/11/15 ao 27/11/15	165,54 €	432.22100	
3120265883 31/12/2015/ 04/01/2016	Serunión, S.A.U. A59376574	Servizo comidas miniresidencia mes 12/2015	5.994,65 €	23.122.703
4001688733	Sociedad	Franqueo pagado correspondencia		

31/12/2015/ 08/01/2016	Estatat Correos y Telégrafos, S.A. A83052407	mes 12/2015	90,73 €	920.22201
2015/2729- 31/10/15 2015/2829- 04/12/15 2015/3332 31/12/2015/ 08/01/2016	Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. A15379803	Tratamento RU mes outubro 2015  Tratamento RU mes novembro 2015  Tratamento RSU mes 12/2015	3.680,12 €  3.232,30 €  3.783,58 €	1623.22799  1623.22799  1623.22799
0101- 1501525 31/12/2015/ 18/01/2016	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. B15467962	Recolleita papel e cartón mes 12/2015	95,36 €	1623.22799
114.079 31/12/2015/ 05/01/2016 114.080 31/12/2015/ 05/01/2016 114.078 31/12/2015/ 05/01/2016 113.749 31/12/2015 05/01/2016	Recambios Santiagueses, S.L. / B15214349	Subministro calibre/pe de rei  Subministro material reparación camión lixo matrícula C6849BK  Subministro material reparación cisterna  Subministro cable aceiro para miniresidencia	17,96 €  375,29 €  36,47 €  49,61 €	150.21400  1621.21400  163.21400  231.22703
004542 30/12/2015/ 12/01/2016	Fernando J. Sánchez García 76505509B	Subministro gravilla e sacos cemento para reparación campo de fútbol	184,53 €	34.221.200
824 31/12/2015/ 12/01/2016 823 31/12/2015/ 12/01/2016	Juan López Sánchez E.S. Corredoiras / 34258362T	Subministro gasóleo automoción  Subministro gasóleo automoción para microbús matrícula 5002HHB e desbrozadora	135 €  81 €	163.22103  4412.22103
5/2015 31/12/2015/ 12/01/2016	Raquel Prieto Souto 47379697L	Servizo podoloxía mes 12/2015	336 €	231.22703
87/5 30/12/2015/ 12/01/2016	Jesús García Rodríguez 33258650Y	Subministro de madeira para Festi- val Luz 2015	381,8 €	337.22199
26 30/12/2015/ 25/01/2016 27 30/12/2015/ 25/01/2016 28 30/12/2015/ 25/01/2016	Mercedes Seijas Barreiro / 76517970Y	Servizo perruquería miniresidencia mes 10/2015  Servizo perruquería miniresidencia mes 11/2015  Servizo perruquería miniresidencia mes 12/2015	67,95 €  52,80 €  52,96 €	231.22703  231.22703  231.22703
150908 31/12/2015/ 04/02/2016	Mª. José Vázquez Freire 33277749S	Subministro produtos farmacéuticos para miniresidencia de 01 a 17/12/2015	85,85 €	231.22703
1177014108 17/12/2015/ 10/02/2016	Labagua, S.A. A03637899	Servizo control auga abastecemento e piscina mes 11/2015	464,25 €	161.22799
B/1097	Óscar Carreira	Subministro material limpeza para	117,03 €	920.22110

01/09/2015/ 16/02/2016	García 78796945A	casa concello		
A/35861 31/12/2015/ 17/02/2016	Suministros Médicos Vigueses Uno, S.L. B36797637	Subministro luvas s/polvo para miniresidencia	232,93 €	231.22703
00324/A 30/09/2015/ 08/03/2016	María Luísa Carro López 32759593A	Subministro pantalóns e casacas para auxiliares miniresidencia	163,73 €	231.22703

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito, dous dos concelleiros presentes do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do PP; o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Levantar reparo da secretaría intervención de data 14/04/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

**SEGUNDO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/16 indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2016 que se indican a continuación:

Nº. Factura/Data (Rexistro entrada)	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe	Partida orçamento 2016
Relación FACEs Data emisión Novembro 2015	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibos alumeadado público lecturas out/15 ao nov/15	5.916,85 €	165.22100
		Recibos antigas escolas unitarias período 28/09/15 ao 25/11/15	126,39 €	337.22100
		Recibos locais sociais de Souto, Gándara e Nogaredo período 25/09/15 ao 25/11/15	244,71 €	337.22100
01151110769896- 19/11/15		Recibo Protección Civil período 9/10/15 ao 11/11/15	50,75 €	920.22100
01151111487231- 19/11/15		Recibo edificio servizos múltiples período 28/09/15 ao 25/11/15	52,84 €	337.22100
01151110770860- 19/11/15		Recibo refuxio de Sendelle período 9/10/15 ao 11/11/15	19,80 €	920.22100
01151111481000- 29/11/15		Recibo PAI período 28/09/15 ao 25/11/15	141,22 €	326.22100
01151111484998- 29/11/15		Recibo baixo do concello período 28/09/15 ao 25/11/15	52,60 €	920.22100
01151111517573- 29/11/15		Recibo centro médico período 28/09/15 ao 25/11/15	106,50 €	312.22100
01151110995953- 23/11/15		Recibo depósito de Boimil período 15/10/15 ao 19/11/15	206,81 €	161.22100
09/12/15-12/12/15 14/12/15-18/12/15 19/12/15- 13/01/16-14/01/16		Subministro alumeadado público mes 12/2015	6.693,69 €	165.22100
04/12/15-05/12/15		Recibos antigas escolas de		

12/12/15/ 13/01/2016		Boavista, Liñeiro e Casanova período 07/10/15 ai 7/12/15	79,98€	337.22100
12/12/2015/ 13/01/2016		Recibos locais sociais Corneda e Rodieiros período 7/10/15 ao 7/12/15	62,63 €	337.22100
01151210883250 19/12/2015 14/01/2016		Recibo Protección Civil período 11/11/15 ao 11/12/15	48,98 €	920.22100
01151210010833 04/12/2015/ 13/01/2016		Recibo antiga cámara agraria período 28/09/15 ao 1/12/15	19,70 €	337.22100
01151210889903 19/12/2015/ 13/01/2016		Recibo refuxio de Sendelle período 11/11/15 ao 11/12/15	18,56 €	920.22100
01151210781423 18/12/2015/ 13/01/2016		Recibo depósito de Boimil período 19/11/15 ao 11/12/15	180,81 €	161.22100
FE15321188233712- 19/11/15	Gas Natural Servicios, SDG, S.A. A08431090	Recibo albergue período do 10/10/15 ao 11/11/15	312,06 €	432.22100
FE15321187361348- 04/11/15		Recibo alumado público Gándara período do 11/09/15 ao 09/10/15	194,96 €	165.22100
FE15321188182179- 18/11/15		Recibo da residencia período do 10/10/15 ao 11/11/15	1.595,82 €	231.22100
FE15321188552292- 24/11/15		Recibo estación potabilizadora período do 16/10/15 ao 19/11/16	1.703,57 €	161.22100
FE15321188182177- 18/11/15		Recibo campo de fútbol período do 10/10/15 ao 11/11/15	1.363,56 €	342.22100
FE15321188233714- 19/11/15		Recibo colexio período do 10/10/15 ao 11/11/15	756,79 €	323.22100
FE15321188182178- 18/11/15		Recibo piscina período do 10/10/15 ao 11/11/15	137,95 €	342.22100
FE15321188233713- 19/11/15		Recibo polideportivo período do 10/10/15 ao 11/11/15	221,39 €	342.22100
FE15321191203710 23/12/2015/ 08/01/2016		Recibo alumado público Gándara período 10/10/15 ao 11/12/15	577,35 €	165.22100
FE15321191203708 23/12/2015/ 08/01/2016		Recibo campo de fútbol período 12/11/15 ao 11/12/15	1.014,27 €	342.22100
FE15321191055290 22/12/2015/ 08/01/2016		Recibo polideportivo período 12/11/15 ao 07/12/15	188,02 €	342.22100
FE15321190893956 21/12/2015/ 08/01/2016		Recibo colexio período 12/11/15 ao 07/12/15	833,23 €	323.22100
FE15321191203709 23/12/2015/ 08/01/2016		Recibo piscina período 12/11/15 ao 11/12/15	127,05 €	342.22100

FE15321190831738 21/12/2015/ 08/01/2016		Recibo casa concello período 29/09/15 ao 25/11/15	752,80 €	920.22100
FE15321190824644 18/12/2015/ 08/01/2016		Recibo residencia período 12/11/15 ao 14/12/15	1.451,94 €	231.22100
FE15321191055289 22/12/2015/ 07/01/2016		Recibo estación potabilizadora período 20/11/15 ao 16/12/15	966,11€	161.22100
FE15321191296490 24/12/2015/ 08/01/2016		Recibo albergue período 12/11/15 ao 27/11/15	165,54 €	432.22100
3120265883 31/12/2015/ 04/01/2016	Seruni3n, S.A.U. A59376574	Servizo comidas miniresidencia mes 12/2015	5.994,65 €	23.122.703
4001688733 31/12/2015/ 08/01/2016	Sociedade Estatall Correos y Tel3grafos, S.A. A83052407	Franqueo pagado correspondencia mes 12/2015	90,73 €	920.22201
2015/2729- 31/10/15	Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. A15379803	Tratamento RU mes outubro 2015	3.680,12 €	1623.22799
2015/2829- 04/12/15		Tratamento RU mes novembro 2015	3.232,30 €	1623.22799
2015/3332 31/12/2015/ 08/01/2016		Tratamento RSU mes 12/2015	3.783,58 €	1623.22799
0101- 1501525 31/12/2015/ 18/01/2016	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. B15467962	Recolleita papel e cart3n mes 12/2015	95,36 €	1623.22799
114.079 31/12/2015/ 05/01/2016	Recambios Santiagueses, S.L. / B15214349	Subministro calibre/pe de rei	17,96 €	150.21400
114.080 31/12/2015/ 05/01/2016		Subministro material reparaci3n cami3n lixo matr3cula C6849BK	375,29 €	1621.21400
114.078 31/12/2015/ 05/01/2016		Subministro material reparaci3n cisterna	36,47 €	163.21400
113.749 31/12/2015 05/01/2016		Subministro cable aceiro para miniresidencia	49,61 €	231.22703
004542 30/12/2015/ 12/01/2016	Fernando J. S3nchez Garc3a 76505509B	Subministro gravilla e sacos cemento para reparaci3n campo de f3tbol	184,53 €	34.221.200
824 31/12/2015/ 12/01/2016	Juan L3pez S3nchez E.S. Corredoiras / 34258362T	Subministro gas3leo automoci3n	135 €	163.22103
823 31/12/2015/ 12/01/2016		Subministro gas3leo automoci3n para microb3s matr3cula 5002HHB e desbrozadora	81 €	4412.22103
5/2015 31/12/2015/ 12/01/2016	Raquel Prieto Souto 47379697L	Servizo podolox3a mes 12/2015	336 €	231.22703



87/5 30/12/2015/ 12/01/2016	Jesús García Rodríguez 33258650Y	Subministro de madeira para Festival Luz 2015	381,8 €	337.22199
26 30/12/2015/ 25/01/2016	Mercedes Seijas Barreiro / 76517970Y	Servizo perruquería miniresidencia mes 10/2015	67,95 €	231.22703
27 30/12/2015/ 25/01/2016		Servizo perruquería miniresidencia mes 11/2015	52,80 €	231.22703
28 30/12/2015/ 25/01/2016		Servizo perruquería miniresidencia mes 12/2015	52,96 €	231.22703
150908 31/12/2015/ 04/02/2016	M <sup>a</sup> . José Vázquez Freire 33277749S	Subministro produtos farmacéuticos para miniresidencia de 01 a 17/12/2015	85,85 €	231.22703
1177014108 17/12/2015/ 10/02/2016	Labaqua, S.A. A03637899	Servizo control auga abastecemento e piscina mes 11/2015	464,25 €	161.22799
B/1097 01/09/2015/ 16/02/2016	Óscar Carreira García 78796945A	Subministro material limpeza para casa concello	117,03 €	920.22110
A/35861 31/12/2015/ 17/02/2016	Suministros Médicos Vigueses Uno, S.L. B36797637	Subministro luvas s/polvo para miniresidencia	232,93 €	231.22703
00324/A 30/09/2015/ 08/03/2016	María Luísa Carro López 32759593A	Subministro pantalóns e casacas para auxiliares miniresidencia	163,73 €	231.22703

### **3.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL SUBEXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 1/2016**

Pola Secretaria dáse lectura o ditame da comisión informativa permanente especial de contas relacionado con este punto da orde do día:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas por unanimidade ( aplicando o sistema de voto ponderado ) con 4 votos a favor , un do concelleiros do grupo municipal do PP, presidente da Comisión, un do concelleiro membro non adscrito , un da concelleira do grupo municipal do PsdG-Psoe e un do concelleiro do grupo municipal do BNG; ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son, en diminución :

En diminución:

<b>PARTIDA EN DIMINUCIÓN</b>		
Partida orzamentaria	Denominación da partida	Importe Euros
920 12000	Administración xeral. Soldos do Grupo A1	-2.240,30 €
920 12100	Administración xeral. Complemento destino	-722,18 €
<b>TOTAL DIMINUCIÓN</b>		<b>-2.962,48 €</b>

En aumento:

<b>PARTIDAS EN AUMENTO</b>		
Partida orzamentaria	Denominación da partida	Importe Euros
920 15100	Administración xeral. Gratificacións	+2.962,48 €

	TOTAL AUMENTO	+2.962,48 €
--	---------------	-------------

**SEGUNDO.**-Certificación deste acordo quede no expediente de modificación, así como, sexa comunicado ós servizos de intervención contabeis ós efectos do seu rexistro e outros oportunos.”

Sen máis intervencións, por unanimidade con 10 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito, dous dos concelleiros presentes do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.**- Aprobar a modificación de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son, en diminución :

En diminución:

PARTIDA EN DIMINUCIÓN		
Partida orzamentaria	Denominación da partida	Importe Euros
920 12000	Administración xeral. Soldos do Grupo A1	-2.240,30 €
920 12100	Administración xeral. Complemento destino	-722,18 €
	TOTAL DIMINUCIÓN	-2.962,48 €

En aumento:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida orzamentaria	Denominación da partida	Importe Euros
920 15100	Administración xeral. Gratificacións	+2.962,48 €
	TOTAL AUMENTO	+2.962,48 €

**SEGUNDO.**-Certificación deste acordo quede no expediente de modificación, así como, sexa comunicado ós servizos de intervención contabeis os efectos do seu rexistro e outros oportunos.

#### **4.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL SUBEXPEDIENTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2016 CON LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas relacionado con este punto da orde do día:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas por unanimidade ( aplicando o sistema de voto ponderado ) con 3 votos a favor , un do concelleiros do grupo municipal do PP, presidente da Comisión, un do concelleiro membro non adscrito , un da concelleira do grupo municipal do PsdG-Psoe e un do concelleiro do grupo municipal do BNG; ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.**- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica creando a seguinte partida.

Partida **326.62700 Servizos complementarios educación proxectos complexos inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos 150€.**

**Financiación con baixa por anulación por importe de 150€ na partida orzamentaria 241.62200, crédito previsto para mercar a Cámara Agraria.**

**Segundo.**- Considerar este gasto específico e determinado que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o pago do gasto realizado e en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2016 crédito para estes gastos no capítulo 6, ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

**Cuarto.-** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública, así como, aprobar inicialmente a modificación do anexo de inversións.

**Quinto.-** Levantar o reparo de carácter suspensivo redactado pola secretaría interventora en data 14/04/2016 en relación coa factura con rexistro de entrada 728 en data 13/04/2016, condicionando, a realización do pago e a efectividade deste levantamento, á finalización por aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario 1.2016.”

Explica a concelleira do grupo municipal do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo que da Xunta comunicaron a posible baixada de valor en nova valoración da Cámara Agraria para a súa adquisición polo Concello.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 10 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito, dous dos concelleiros presentes do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica creando a seguinte partida.

**Partida 326.62700 Servizos complementarios educación proxectos complexos inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos 150€**

**Financiación con baixa por anulación por importe de 150€ na partida orzamentaria 241.62200, crédito previsto para mercar a Cámara Agraria.**

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o pago do gasto realizado e en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2016 crédito para estes gastos no capítulo 6, ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

**Cuarto. -** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública, así como, aprobar inicialmente a modificación do anexo de inversións.

**Quinto.-** Levantar o reparo de carácter suspensivo redactado pola secretaría interventora en data 14/04/2016 en relación coa factura con rexistro de entrada 728 en data 13/04/2016, condicionando, a realización do pago e a efectividade deste levantamento, á finalización por aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario 1.2016.

## **5.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL SUBEXPEDIENTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2016**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas relacionado con este punto da orde do día:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas por maioría ( aplicando o sistema de voto ponderado) con 2 votos a favor , un dos concelleiros do grupo municipal do PP, presidente da Comisión, un do concelleiro membro non adscrito , a abstención da concelleira do grupo municipal do PsdG-Psoe e co voto en contra do concelleiro do grupo municipal do BNG; dictaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario, para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica creando a seguinte partida .

A) Partida **334.48000 Promoción Cultural para institución sen ánimo de lucro. 80.000€**

**Financiación con baixa por anulación por importe de 80.000€ na partida orzamentaria 338.22799 crédito previsto para contratacións para o Festival de la luz 2016.**

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por tratarse de evento de carácter anual, xa publicitado e a realizar no mes de setembro de 2016.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2016 crédito para estes gastos no capítulo 4.

**Cuarto . -** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública.”

O Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Xosé Luis Rivas Cruz que sinala que o gasto no Festival é vergonzoso, que é vergonzoso que vaian 80.000€ como subvención, máis 5.500€ para alquiler de fincas sen ter en conta tamén gastos en voluntarios, traballos na finca, imprevistos .. Chegando a 130.000€, máis ou menos, por contas do ano anterior, considerando un insulto para o Concello de Boimorto que na presentación do Festival nin se mencione ó Concello. Continúa este concelleiro sinalando que se os gastos poideron chegar a 177.000€ o ano anterior e Zircozine di que empregaba 116.000€, pregunta - foron rendidas as contas? Resposta o Alcalde que non. Di o concelleiro do BNG que a condición que puxo como Alcalde-breve foi que rendiran contas, que se está a encubrir un negocio sucio en negro e que non lle dan as contas. O Alcalde pídelles que explique o de negocio en negro. O concelleiro do BNG di que aínda que venden que non teñen ánimo de lucro está claro que os 177.000€ do Concello fan que o Festival si o teña .Resposta o Alcalde que este ano non van gastar iso. O concelleiro do BNG increpa o equipo de goberno dicindo que miren o que hai fóra, o catastrazo, o problema gandeiro, que é mellor meter eses cartos en proxecto de enriquecemento.

A concelleira do equipo de goberno, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo dille que eles colleron o Festival en agosto, ó final e xa estaba todo contratado e feito; e replícalle ó concelleiro do BNG por qué non se queixara dende o primeiro ano. O concelleiro D.Xosé Luis Rivas resposta que xa o manifestou onde tiña que facelo. A concelleira do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo contéstalle que Ignacio gobernaba en minoría polo que necesitaba o apoio, resposta o concelleiro do BNG ironicamente “ minoría non lista máis votada como ti dis, di que manifestou a súa oposición ó Festival cando puido e que asumiu o herdado cando foi Alcalde e non se abstivo como o PP. Reprocha á concelleira que na reunión co representante de Zircozine e a alcaldesa Ana Ledo, ó saír se puxera a súa disposición ela e o seu grupo .

A concelleira do grupo municipal do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo sinala que os voluntarios xa non se xestionarán nesta anualidade polo Concello e que o alquiler de fincas será con cargo ó recaudado no parking .

O concelleiro, D. Xosé Luis Rivas di que verá ese gasto e que aínda que só sexa de 80.000 € prexudica o Concello.

Dálle a palabra o Alcalde á Secretaria Interventora que explica como se crea unha nova partida en capítulo 4 con crédito orzamentario para dar, de ser posible, sen que exista aínda nin gún convenio nin asignación nominativa, unha subvención.

O concelleiro do BNG., D. Xosé Luis Rivas roga que o Festival se galeguice e participe na colleita a colleita dos veciños de Boimorto.

Sen máis intervencións por maioría, con 6 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, 1 do membro non adscrito, con dous votos en contra dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG e as dúas abstencións dos dous concelleiros do PsdG-PSOE o Pleno municipal  
**ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario, para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica creando a seguinte partida.

A) Partida **334.48000 Promoción Cultural para institución sen ánimo de lucro. 80.000€**

**Financiación con baixa por anulación por importe de 80.000€ na partida orzamentaria 338.22799 crédito previsto para contratacións para o Festival de la luz 2016.**

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por tratarse de evento de carácter anual, xa publicitado e a realizar no mes de setembro de 2016.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2016 crédito para estes gastos no capítulo 4.

**Cuarto.-** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública.

## **6.- DITAME MODIFICACIÓN ANEXO DE INVERSIÓN 1/2016**

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da comisión informativa permanente especial de contas relacionado con este punto da orde do día:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas por unanimidade ( aplicando o sistema de voto ponderado ) con 4 votos a favor , un do concelleiros do grupo municipal do PP, presidente da Comisión, un do concelleiro membro non adscrito, un da concelleira do grupo municipal do PsdG-Psoe e un do concelleiro do grupo municipal do BNG; ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do anexo de inversións tal como se indica, creando a partida 1720.62700 Protección e mellora do Medio Ambiente Adquisición de colectores 7.401,52€.

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto polo art . 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, a modificación do anexo de inversións con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no BOP e no taboleiro de anuncios da casa do Concello, coa finalidade de que os interesados, ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art.170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**TERCEIRO .-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita aprobación definitiva da modificación do anexo de inversións no BOP e taboleiro de anuncios.

**CUARTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos , polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como, segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.”

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito, dous dos concelleiros presentes do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do anexo de inversións tal como se indica, creando a partida 1720.62700 Protección e mellora do Medio Ambiente Adquisición de colectores 7.401,52€.

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto polo art . 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, a modificación do anexo de inversións con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no BOP e no taboleiro de anuncios da casa do Concello, coa finalidade de que os interesados, ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRF,L poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art.170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**TERCEIRO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita aprobación definitiva da modificación do anexo de inversións no BOP e taboleiro de anuncios.

**CUARTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como, segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo

## **7.- DACIÓN DE CONTA INFORME DA SECRETARIA ACUMULADA CON ENTRADA Nº 744 O 15/04/2016 SOBRE COBRANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLOS TRABALLADORES E NON INGRESO NAS ARCAS MUNICIPAIS.**

Pola Secretaria dáse conta de informe da Secretaría acumulada relacionado con este punto da orde do día, con entrada no Concello nº 744 en data 15/04/2016 e que se transcribe literalmente:

### **INTERVENCIÓN**

**ASUNTO:** Informe a incluír no próximo pleno ordinario sobre a aclaración formulada pola concelleira do PSDG-PSOE, no pleno de data 25-2-2016 en relación á acta da sesión extraordinaria de 30-12-2015, sobre a cobranza de prezos públicos polos traballadores e o non ingreso nas arcas municipais.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- ❖ RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL.

### **CONSIDERACIÓN XURÍDICAS**

1.- SOBRE A OBLIGATORIEDADE DO INGRESO DOS PREZOS PÚBLICOS NAS ARCAS MUNICIPAIS E REXISTRO NA CONTABILIDADE.-

Establece o artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en diante, TRLHL) que a facenda das entidades locais está constituída por unha serie de recursos, recollendo na súa letra e):

«e) Os percibidos en concepto de prezos públicos.»

E no apartado segundo do mesmo precepto establécese que:

«Para a cobranza dos tributos e das cantidades que como ingresos de dereito público, tales como prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, e multas e sancións pecuniarias, debe percibir a facenda das entidades locais de conformidade co previsto no apartado anterior, dita Facenda ostentará as prerrogativas establecidas Legalmente para a facenda do Estado, e actuará, no seu caso, conforme aos procedementos administrativos correspondentes.»

**Polo tanto, queda sentado o principio de que todos os ingresos que constitúen a facenda da Entidade Local deben ser ingresados nas arcas municipais. En ningún caso poderán servir para compensar directamente e sen previo ingreso nas arcas, outros gastos que tivese a propia Corporación.**

**Ademais os ingresos, igual que os gastos están sometidos a fiscalización pola Intervención, e deberán ser rexistrados na contabilidade en virtude do principio da imaxe fiel.**

## 2.- SOBRE A PERSOA RESPONSABLE PARA A COBRANZA DESES INGRESOS.-

Debemos ter en conta que existen certas actividades cuxo exercicio non está permitido a calquera persoa. Neste sentido, sinala o artigo 9.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público:

«En todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas corresponden exclusivamente aos funcionarios públicos, nos termos que na Lei de desenvolvemento de cada Administración Pública se estableza.»

Esta previsión complementábase co establecido no artigo 92.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

«Corresponde exclusivamente ós funcionarios de carreira ó servizo da Administración local o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais. Igualmente son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado a funcionarios de carreira, as que impliquen exercicio de autoridade, e en xeral, aquelas que en desenvolvemento da presente Lei, se reserven ós funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.»

E o artigo 92 bis do mesmo Texto normativo establece á súa vez que:

«1. Son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional:

a) A de Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento Legal preceptivo.

b) O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria e a contabilidade, tesouraría e recadación.

Porén, nos Municipios de gran poboación terase en conta o disposto no Título X da presente Lei e nos Municipios de Madrid e de Barcelona a regulación contida nas Leis 22/2006, de 4 de xullo, de

Capitalidade e de Réxime Especial de Madrid e 1/2006, de 13 de marzo, pola que se regula o Réxime Especial do Municipio de Barcelona respectivamente.»

Polo tanto, á vista da normativa citada, cabe sinalar que unicamente poderán exercer funcións que impliquen exercicio de autoridade, como é o caso da recadación de prezos públicos, os funcionarios de carreira e, máis concretamente, aqueles que contén con habilitación de carácter nacional.

Así o recoñece tamén a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado no seu Informe 52/09, de 26 de febreiro de 2010:

«a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, reserva exclusivamente a funcionarios con habilitación de carácter estatal as funcións públicas «que impliquen exercicio de autoridade» e o «asesoramento Legal preceptivo», entre outras.»

Sen prexuízo da aplicación do criterio xeral expresado no Estatuto Básico do Empregado Público e na citada Lei 7/1985, a efectos de determinar se unha actividade pode ser obxecto de contratación ou está reservada a funcionarios públicos, procede acudir á Lexislación tributaria. Neste sentido a Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro), á cal se remite o artigo 12 do TR da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo), no seu artigo 142 lista as facultades de inspección dos tributos e refírese aos funcionarios públicos que, establece, terán a consideración de axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición. Concretamente este precepto refírese ás seguintes actuacións inspectoras: o exame dos documentos, bases de datos informatizadas, arquivos informáticos, etc. que lista o precepto; a entrada en determinados establecementos ou lugares; e o requirimento de obrigados tributarios para que se personen ante a inspección.

É evidente que todas elas son funcións públicas que poñen de manifesto a soberanía da Administración. É máis, nelas subxace unha potestade Xurídica de carácter exorbitante que, en último termo, pode dar lugar á imposición dunha sanción, e de todos é sabido que a doutrina unanimemente entende que a potestade sancionadora implica o exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos (Informe desta Xunta Consultiva número 2/2006 de 24 de marzo).

Cabe concluír que o exercicio das facultades de inspección dos tributos queda reservado ós funcionarios públicos polo artigo 142 da Lei Xeral Tributaria e por ser susceptible, cando dea lugar a unha sanción, de considerarse unha concreción do exercicio da potestade sancionadora da Administración Pública.»

## **CONCLUSIÓN**

Por todo o exposto concluímos, sen prexuízo de opinión mellor fundada en Dereito, que unicamente poderán facerse cargo da función de control e coordinación da recadación de prezos públicos aquelas persoas que ostenten a condición de funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional, de forma que se existise un voluntario para a recadación e non ten tal condición, non poderá exercer dita actividade.

Porén, é preciso matizar esta conclusión no sentido de que se as funcións encomendadas non implican o exercicio de autoridade, si poderán ser realizadas, a priori, por calquera persoa. Así o entende, entre outros moitos, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ámbito territorial do consultante, na súa Sentenza de 9 de decembro de 1999:

«En efecto, a Lexislación actualmente vixente na materia “fai improcedente que o servizo Municipal de recadación se xestione de forma indirecta xa que se trata dunha función que, ó implicar o exercicio de autoridade e tesouraría, ha de quedar reservado exclusivamente a persoal suxeito ao estatuto funcional, para mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función” en congruencia co cal se esixe que os recadadores en vía de prema e axentes executivos ostenten a condición de funcionario»



**Queda sentado o principio de que todos os ingresos que constitúen a facenda da Entidade Local deben ser ingresados nas arcas municipais. En ningún caso poderán servir para compensar directamente, e sen previo ingreso nas arcas, outros gastos que tivese a propia Corporación.**

**Ademais os ingresos, igual que os gastos están sometidos a fiscalización pola Intervención, e deberán ser rexistrados na contabilidade en virtude do principio da imaxe fiel.**

POLO TANTO, A ACLARACIÓN REALIZADA POLA CONCELLEIRA DESTA CORPORACIÓN LOCAL, D<sup>a</sup> ANA LEDO FERNÁNDEZ, DE QUE OS PREZOS PÚBLICOS SE COBRARON POLOS TRABALLADORES DIRECTAMENTE E SE DESTINARON A OUTROS GASTOS SEN PREVIO INGRESO NAS ARCAS, DEBERÁ SER OBXECTO DE AUDITORÍA, E REPARO, CONSTITUÍNDO UNHA IRREGULARIDADE A CORREXIR, SENDO A CONCELLEIRA (ANTERIOR ALCALDESA) A RESPONSABLE FINAL POR DAR A ORDE PARA A COBRANZA DOS MESMOS.

Boimorto, 23 de marzo de 2016

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Carmen Gómez Otero>>

O Alcalde sinala que quedou todo aclarado coa aclaración no escrito de Ana Ledo no punto primeiro antes de aprobar a acta da sesión ordinaria do pleno de febreiro.

## **8.- PROPOSTA REGULARIZACIÓN CATASTRAL**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

**“PROPOSTA REGULARIZACIÓN CATASTRAL Ó PLENO DE DATA 28/04/2016**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno galego, co seu presidente e a consellería do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ó mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.

O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenvolvan a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento. Trátase o sector primario do sector base da nosa economía. Dentro da defensa e protección dos nosos agricultores e gandeiros, cómpre, que dende o Goberno Central se aprobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Neste sentido, na Sesión de 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como, as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Polo tanto, dada esta situación do Sector Primario, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Arzúa, propoño ao Pleno a aprobación dos seguintes

### **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de deprezación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita actividade.

**Segundo.-** Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

**Terceiro.-** Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso ós Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

**Cuarto.-** Dirixirse ó Goberno Central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Quinto.-** Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Sexto.-** Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible.

Boimorto, 19 de abril de 2016

O alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello”

Sinala a concelleira do grupo municipal do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo que a revisión catastral non foi solicitada polo seu equipo de goberno que non era obrigatoria e foi no ano 2015 no que en xunta de goberno de data 26/02/2015, baixo a Alcaldía de D<sup>a</sup> Ana Ledo, dáse conta de escrito con entrada 333 nestes termos e baixo este acordo:

#### **<<2.1.4.- ESCRITO DA XERENCIA REXIONAL DO CATASTRO DE GALICIA POÑENDO EN COÑECEMENTO AS CARACTERÍSTICAS DO PROCEDIMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL 2013-2016**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo Xerente rexional do Catastro de Galicia - Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 333 en data 19 de febreiro de 2015, no que pon en coñecemento da Alcaldía as características do procedemento de regularización catastral 2013-2016. Ten por obxecto incorporar ao Catastro aqueles bens que non estean inscritos, ou que o están de forma incorrecta ou incompleta, a causa dun incumprimento da obriga que teñen os propietarios de declarar ante o Catastro as alteracións nos seus inmobles (novas construcións, ampliacións, reformas...). Deste modo, preténdese conseguir que a tributación destes bens no IBI sexa a que lles corresponde de acordo coa súa realidade inmobiliaria, en cumprimento dos principios de xeneralidade e xustiza tributaria.

A regularización catastral non implica unha nova revisión de valores catastrais e non se esixe participación algunha por parte do Concello nos costes, ni nas actuacións vinculadas; o procedemento só implica un prezo para o cidadán ao que se presta o servizo en forma de pago ao Estado da taxa de regularización catastral (cuyo importe é de 60 euros por inmovible regularizado).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade solicitar esta regularización informando previamente aos veciños.>>>

Di que ese equipo de goberno anterior non informou os veciños e aprobaron isto.

O Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Xosé Luis Rivas que di que vai vomitar, que a lei 16/2012 e do PP aprobada no Congreso de deputados polo PP, o goberno do PP non atendeu a proposta en contra do BNG, en marzo de 2016 o goberno do PP votou en contra da iniciativa do BNG e agora dilles que esconden algo que eles fixeron.

Continúa este concelleiro sinalando que non se pode provocar o Catastrazo e agora intentar limar asperezas que o desaparece o PP ou este país vai á ruína, que ese partido agrupación mafiosa e culpable desa lei, da nova lei do solo etc...

O Alcalde chama o concelleiro á orde tres veces o concelleiro remata a intervención sinalando que está defendendo os veciños.

O Alcalde dálle a palabra á concelleira do BNG, D<sup>a</sup> Raquel Val Vázquez que sinala que non é normal que en Magreco se agasalle con leite gratis ante a situación dos gandeiros, tampouco que a política do PP favoreza o establecemento en Galicia de tres plantas de biomasa de ENCE. di que estas políticas non son para os veciños, sinala que como poden pedir unha moratoria en relación cunha lei do seu partido que se aprobou sen valorar o impacto fiscal que o que queren e recaudar .

Explica o Alcalde que hai que valorar as consecuencias destas modificacións e ter asesoría sobre a repercusión nas arcas do Concello antes de modificar a ordenanza fiscal.

O concelleiro do BNG, D. Xosé Luis Rivas di que traian directamente a modificación da ordenanza, pregunta que vai pasar cos maiores que teñen os hórreos, as instalacións pero xa non se adican a actividade agraria. Pregunta se tamén se recaudará polos hórreos, sinala que o PP ten que responder políticamente das súas culpas.

A concelleira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup> Raquel Val Vázquez pide que conste en acta que é un insulto que se aprobe unha lei en teoría para a loita contra o fraude fiscal e se trate a xente, como o seu avó, como defraudador fiscal.

A Secretaria Interventora aclara ante as dúbidas manifestadas que a última modificación da ordenanza fiscal foi en 2013 e que o tipo en urbanos é 0,55 e 0,50 en rústico.

Sen máis intervención, por maioría con 6 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous votos en contra dos concelleiros do BNG e dúas abstencións dos dous concelleiros presentes do PsdG-PSOE o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita actividade.

**Segundo.-** Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

**Terceiro.-** Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso ós Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

**Cuarto.-** Dirixirse ó Goberno Central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Quinto.-** Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Sexto.-** Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible.

## **9.- PROPOSTA APROBACIÓN MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PAS 2015**

Pola Secretaría dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

### **<<PROPOSTA APROBACIÓN MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015**

Resultando que por acordo de pleno extraordinario de data 14/12/2015 acordouse participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña incluíndo as seguintes obras e aprobando os seus proxectos:

- “Pintado exterior y cierre del patio en el C.P.I. Armando Cotarelo Valledor”
- “Ampliación de miniresidencia en Boimorto”.

Vistos os seguintes escritos relacionados coa tramitación das autorizacións sectoriais das dúas obras:

- Resolución da directora xeral do Patrimonio Cultural de data 17/03/2016 sobre intervención no camiño de Santiago que tivo entrada neste Concello co número 592 en data 28/03/2016 autorizando as obras de pintado exterior e peche do Centro Público Integrado “Armando Cotarelo Valledor”, debendo cumprir unhas condicións.

- Escrito de data 22/12/2015 da xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria relacionado con esta mesma obra, que tivo entrada neste Concello co número 3138 en data 28/12/2015, onde comunica dúas observacións ó previsto no proxecto.

- Informe de supervisión de centros de servizos sociais de data 19/01/2016, que tivo entrada neste Concello co número 225 en data 08/02/2016 onde se sinala unha serie de deficiencias na autorización para modificación substancial do centro Miniresidencia para persoas maiores e centro de día con motivo das obras de Ampliación de Miniresidencia en Boimorto.

- Escrito da Deputación da Coruña descargado a través da Plataforma Subtel en data 04/03/2016 e rexistrado de entrada neste Concello co número 460, onde se informa das deficiencias atopadas na supervisión técnica do proxecto Ampliación de miniresidencia en Boimorto.

Vistos os proxectos axustados ós requerimentos sinalados e que non se altera o orzamento, propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar os proxectos modificados das obras “Pintado exterior y cierre del patio en el C.P.I. Armando Cotarelo Valledor” e “Ampliación de miniresidencia en Boimorto”, atendendo aos requerimentos sinalados na parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo, xunto cun exemplar do proxecto, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e a Deputación Provincial.

Boimorto, 25 de abril de 2016  
O alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello”

O concelleiro do BNG pregunta de que vai esta proposta. A concelleira do grupo municipal do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo sinala e amosa escritos no expediente de organismos sectoriais, ensinanza e de servizos sociais da Xunta e os seus requerimentos en relación coa pintura do colexio (ocre branco) e o cerramento do patio variando o cristal e zócalo, así como, en relación co proxecto de ampliación da residencia.

O concelleiro do BNG, D. Xosé Luis Rivas di que o cerramento do patio é unha barbaridade e en relación coa Residencia advirte das perdas no exercicio anterior de entre 18.000 e 20.000€ e da importancia de toldos ou sistemas que eviten que afoguen de calor os maiores na residencia, sinalando que debería dirixirse un escrito a quen diseña a residencia polo mal facer nese deseño.

A concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo sinala que o construtor atendeu dúas veces á reparación de defectos.

Sen máis intervencións, por maioría con seis votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito e con dúas abstencións dos concelleiros do Psoe e dous votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar os proxectos modificados das obras “Pintado exterior y cierre del patio en el C.P.I. Armando Cotarelo Valledor” e “Ampliación de miniresidencia en Boimorto”, atendendo aos requerimentos sinalados na parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo, xunto cun exemplar do proxecto, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e a Deputación Provincial.

## **10.- PROPOSTA APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA AMPLIACIÓN DA MINIRESIDENCIA**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

### **“PROPOSTA APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA AMPLIACIÓN DA MINIRESIDENCIA**

Vistos os seguintes antecedentes:

1. O Concello de Boimorto conta na actualidade cun PXOM aprobado definitivamente pola CPTOPT o 06/02/2007, con anterioridade á Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
2. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decidiu o 10/09/2014 non someter o plan especial a procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Co texto da decisión incorpóranse observacións dos seguintes organismos:

- a) Augas de Galicia do 8/9/2014, con indicacións sobre a normativa de augas a ter en conta no documento de referencia.
  - b) Instituto de Estudos do Territorio do 05/09/2015, coa indicación expresa de que o proxecto non é susceptible de causar efectos significativos sobre a paisaxe sempre e cando se teñan en conta as consideracións que efectúa.
3. O plan especial é promovido polo propio concello.
  4. Constan informes do servizo de asistencia técnico-urbanística do concello de data 19/11/2014, que indica que se cumpren os conceptos da LOUG; e informe xurídico da Secretaría municipal do 01/12/2015.
  5. O plan especial foi aprobado inicialmente por Decreto da Alcaldía do 24/11/2014. Sometido a información pública polo prazo dun mes (DOG do 16/12/2014, La Voz de Galicia do 27/11/2014 e El Correo Gallego do 30/11/2014). Non foron presentadas alegacións, segundo o certificado do 9/2/2015 incluído para o efecto no expediente.
  6. No expediente figura o seguinte en canto a informes sectoriais:
    - a) Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: informe do 21/10/2015, favorable.
    - b) Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña: informe do 12/01/2015, favorable.
  7. O plan especial foi aprobado provisionalmente por Decreto da Alcaldía do 02/12/2015.
  8. Con rexistro de entrada no Concello número 374 en data 25/02/2016 consta informe previo á aprobación definitiva do plan da Xunta de Galicia Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Propoño que o Pleno da Corporación, como órgano competente para a aprobación definitiva en virtude dos artigos 22.2.c) e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 86 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os seguintes ACORDOS:

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o Plan especial de dotacións para ampliación da miniresidencia do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobado inicialmente por Decreto de Alcaldía 477/2014 de 24 de novembro de 2014, e provisionalmente por Decreto da Alcaldía 604/2015 de 2 de decembro de 2015.

**Segundo.-** O Plan especial, en virtude do artigo 92 da LOUGA, terá vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión.

**Terceiro.-** Este acordo de aprobación definitiva será publicado, no prazo dun mes desde a súa adopción, no *Diario Oficial de Galicia*, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas será publicado no *Boletín Oficial* da provincia. No anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á Consellería, tal e como se establece no punto cuarto deste acordo.

**Cuarto.** Como a competencia para a aprobación definitiva do Plan especial lle corresponde ao Concello, a aprobación definitiva será comunicada á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, ó tempo que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o Plan especial, debidamente dilixenciados pola Secretaría do Concello, facendo constar dita circunstancia.

**Quinto.** A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ó cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ó que dispoñía para o efecto a lexislación reguladora da Administración actuante. Neste sentido, o artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sinala que o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como, os acordos correspondentes a ditos plans urbanísticos cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, serán publicados no BOP e non entrarán en vigor ata que non se publique completamente o seu texto e tanscorra o prazo previsto no artigo 65.2 da propia lei (quinze días hábiles).

Boimorto, 25 de abril de 2016  
O alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello”

A concelleira do grupo municipal do PSOE, D<sup>a</sup> Sandra Sánchez Íñiguez di que se van abster.  
A Secretaria explica que o expediente foi iniciado no goberno do PSOE e que se trata de converter en dotacional a parcela rústica afecta á residencia.

Sen máis intervencións, por oito votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e con dúas abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PSOE o pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o Plan especial de dotacións para ampliación da miniresidencia do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobado inicialmente por Decreto de Alcaldía 477/2014 de 24 de novembro de 2014, e provisionalmente por Decreto da Alcaldía 604/2015 de 2 de decembro de 2015.

**Segundo.-** O Plan especial, en virtude do artigo 92 da LOUGA, terá vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión.

**Terceiro.-** Este acordo de aprobación definitiva será publicado, no prazo dun mes desde a súa adopción, no *Diario Oficial de Galicia*, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas será publicado no *Boletín Oficial* da provincia. No anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á Consellería, tal e como se establece no punto cuarto deste acordo.

**Cuarto.** Como a competencia para a aprobación definitiva do Plan especial lle corresponde ao Concello, a aprobación definitiva será comunicada á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, ó tempo que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos

que integran o Plan especial, debidamente dilixenciados pola Secretaría do Concello, facendo constar dita circunstancia.

**Quinto.** A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ó cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ó que dispoñía para o efecto a lexislación reguladora da Administración actuante. Neste sentido, o artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sinala que o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como, os acordos correspondentes a ditos plans urbanísticos cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, serán publicados no BOP e non entrarán en vigor ata que non se publique completamente o seu texto e tanscorra o prazo previsto no artigo 65.2 da propia lei (quinze días hábiles).

### **11.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 24/02/2016 a 26/04/2016, número 56 a 133.

Sinala a Secretaria que hai un erro no decreto 104 e que está sen asinar, recolle datos da liquidación orzamentaria de 2014, a liquidación de 2015 aínda está pendente, e pide que non se teña en conta dito decreto e o seu contido por non ter sinatura nin contido adecuado.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teñan cabida no punto de rogos e preguntas.

O alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Xosé Luis Rivas que xustifica a urxencia da moción a expoñer na necesidade de evitar os danos os veciños pola normativa do Catastrazo.

Por unanimidade, con 10 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro do grupo mixto, dous dos concelleiros presentes do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal aceptou a urxencia para tratar esta moción. A continuación expónse a moción por D. Xosé Luis Rivas como segue (remitíndose o contido no documento que presentou con rexistro de entrada no Concello nº 817 en data 25/04/2016):

## **MOCIÓN SOBRE A REGULARIZACIÓN CATASTRAL**

---

---

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno do Partido Popular aprobou a finais de 2012 a Lei 16/2012, que incorporaba medidas tributarias en diversos ámbitos. Esta norma era continuadora da política fiscal emprendida desde a chegada ao Goberno central do Partido Popular, que se caracterizou por realizar subidas xeralizadas nos impostos que pagan as maiorías sociais (subidas nos tramos medios do IRPF, subida xeral do IVA e dun xeito agravado en produtos culturais), así como a introdución de copagos sanitarios e farmacéuticos. Unha política de rigor e exixencia fiscal para as rendas medias e baixas e laxitude e permisividade coas rendas altas e as grandes fortunas.

A política fiscal do PP tamén tivo repercusión nos impostos locais. Lembremos que a finais de 2011, nada máis chegar ao poder, aprobou un primeiro “catastrazo”, a través do Real Decreto-Lei 20/2011 que chegou a elevar o gravame mínimo nos concellos no Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) para os anos 2012 a 2015.

Coa Lei 16/2012 consúmase un segundo “catastrazo”, ao recoller un proceso de regularización catastral. Ademais, xustifícase dito proceso “no obxectivo da mellora contra a fraude fiscal”, cando vai dirixido sobre todo a bens situados en solo rústico, que nunha boa parte de casos son anexos ou instalacións asociadas á actividade agrícola.

Por outra banda, os diversos estudos publicados sobre a fraude fiscal non apuntan ao catastro como unha das principais fontes de elusión fiscal. Recentemente, os propios técnicos da Axencia Tributaria, a través do seu sindicato GESTHA, puxeron de manifesto que o Plan de control tributario do Ministerio de Facenda “deixa impune o 81,6 % da evasión fiscal”, e que “centra a súa investigación no contribuínte medio para conseguir os seus obxectivos de control tributario e loita contra a fraude fiscal”. Engade ademais, que os resultados da loita contra a fraude fiscal foron negativos, pois “aséntanse nunha investigación desequilibrada que pon a lupa sobre os contribuíntes con menores ingresos –como son as pequenas empresas, os autónomos e traballadores/as que representan o 56 % da débeda descuberta pola inspección- no canto de perseguir a fraude sofisticada de multinacionais e corporacións empresariais”.

Ao longo de 2015 e 2016, a Dirección Xeral do Catastro activou en Galiza dito proceso extraordinario de regularización catastral, afectando aproximadamente ao 60 por 100 dos concellos, en concreto a día de hoxe en 186 dos 314 existentes. A maior parte de ditos concellos son eminentemente rurais, precisamente aqueles que presentan índices de renda per cápita máis baixo non se librarán do catastrazo. Moitos dos concellos con maior renda e mesmo onde se desenvolveu con maior empuxe a actividade urbanística nos últimos anos non se inclúen na listaxe da regularización catastral. Unha evidencia máis desa política de control fiscal sobre rendas inferiores, máis desprovistas en canto a capacidade de asesoramento e defensa ante a Facenda, e onde non se persigue como prioridade detectar e actuar contra a fraude fiscal de maiores dimensións e previamente concibida en base a estratexias complexas de enxeñaría financeira e fiscal.

A regularización catastral conleva o pagamento dunha taxa de 60 € por cada alta no Catastro, e ademais implicará un aumento do valor catastral do inmovible revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base imponible do IBI. Iso tamén pode ter repercusión indirecta noutros impostos (IRPF, plusvalía municipal, sucesións) e mesmo incluso en subvencións públicas como as becas escolares dado que teñen módulos patrimoniais referenciados no catastro como límites obxectivos para accederen á ditas axudas.

En moitos casos, a variación na realidade física responde sobre todo á propia rehabilitación e restauración de inmóbeis para evitar o seu deterioro, incluso á conservación habitual dos mesmos, e aínda neses supostos os seus propietarios son requiridos para comunicar ditas modificacións. Iso levará, non só a abonar a taxa lineal, senón tamén a soportar un incremento impositivo no IBI simplemente por acometer obras necesarias de mantemento e mellora, tendentes a manter o valor patrimonial, en ningún caso por ter realizado actuacións co fin de aumentar dito valor.

Á vista do exposto estamos perante un procedemento absolutamente inxusto, que se dirixe preferentemente sobre persoas con menor nivel de renda, en concellos con menor dinamismo económico, e sobre todo que afectará a propietarios que teñen as propiedades destinadas á actividade agraria, que ademais atravesa dificultades especiais pola parálise e falta de apoio do Goberno galego. Polo tanto, propomos que o Pleno do concello rexeite o avance deste proceso, dado que incrementará a carga fiscal sobre moitas persoas propietarias de pequenos patrimonios no rural, e que ademais teñen vinculadas as edificacións e instalacións á actividade agraria como medio fundamental de vida, en ningún caso a posesión do seu patrimonio inmobiliario significa unha fonte para obter altos rendementos senón



simplemente un medio para desenvolver unha actividade económica, que ademais contribúe ao mantemento do medio natural e da paisaxe.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes:

## ACORDOS

1. O Pleno do concello de Boimorto manifesta o seu rexeitamento ao proceso de regularización catastral emprendido polo Ministerio de Facenda, demandando a paralización do proceso.
2. Así mesmo o Pleno do concello:
  - a) Insta a que a revisión do valor dos inmóbeis no catastro se efectúe tendo en conta o seu valor real, partindo da súa función económica, do dinamismo demográfico e do mercado inmobiliario concreto do concello onde se insiren, sen a aplicación e extrapolación de módulos obxectivos realizados de forma homoxénea a partir dunha visión centralista.
  - b) Solicita que, en función de dito proceso, non se lles esixa ás persoas propietarias pagos retroactivos en exercicios anteriores do IBI, así como que se declare a exención da taxa de regularización catastral cando afecten a alteracións relacionadas con obras de rehabilitación ou conservación ou de elementos e edificacións vinculadas á actividade agraria.
  - c) Insta a que as construcións e edificacións auxiliares das vivendas no medio rural, así como todas as edificacións vinculadas á actividade agraria ou gandeira teñan exencións no IBI.
  - d) Demanda que no futuro non se compute o patrimonio que estea afecto ou vinculado á actividade agraria, gandeira ou forestal para a baremación de umbrais patrimoniais nas becas, bolsas e axudas ao estudo.

Di o concelleiro do BNG que con esta revisión catastral o campo quedará sen becas e culparán o goberno que entre, expón tamén que debe explicarse ós veciños que se taxan como almacén cando non o é que devolvan a taxa, por facelo mal que isto funcionou noutros concellos do BNG.

A concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, D<sup>a</sup> Sandra Sánchez Íñiguez di que era boa unha mezcla entre a proposta do PP e a moción do BNG en relación con este tema.

Sen máis intervencións, por maioría con catro votos a favor, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e con seis abstencións; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e unha do concelleiro membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU**:

1. O Pleno do concello de Boimorto manifesta o seu rexeitamento ó proceso de regularización catastral emprendido polo Ministerio de Facenda, demandando a paralización do proceso.
2. Así mesmo o Pleno do concello:
  - a) Insta a que a revisión do valor dos inmobles no catastro se efectúe tendo en conta o seu valor real, partindo da súa función económica, do dinamismo demográfico e do

mercado inmobiliario concreto do concello onde se insiren, sen a aplicación e extrapolación de módulos obxectivos realizados de forma homoxénea a partir dunha visión centralista.

- b) Solicita que, en función de dito proceso, non se lles esixa ás persoas propietarias pagos retroactivos en exercicios anteriores do IBI, así como, que se declare a exención da taxa de regularización catastral cando afecten a alteracións relacionadas con obras de rehabilitación ou conservación ou de elementos e edificacións vinculadas á actividade agraria.
- c) Insta a que as construcións e edificacións auxiliares das vivendas no medio rural, así como, todas as edificacións vinculadas á actividade agraria ou gandeira teñan exencións no IBI.
- d) Demanda que no futuro non se compute o patrimonio que estea afecto ou vinculado á actividade agraria, gandeira ou forestal para a baremación de umbrais patrimoniais nas becas, bolsas e axudas ao estudo.

## **12.- ROGOS E PREGUNTAS**

Pola Alcaldía apertúrase este punto da orde do día dando a palabra a D<sup>a</sup> Sandra Sánchez concelleira do PsdG-PSOE que expón:

Roga que se recollan as intervencións fielmente na acta, xa que, non se recolleu intervención da concelleira do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo, na que daba a entender que non aparecía diñeiro do magosto do ano anterior aínda que xa está aclarado este tema. A concelleira do PP sinala que era unha resposta a que se lle dera a Ana Ledo, sobre a levanza este ano da explotación do bar polos Santiaguíños, este polo que se refería a recaudación do bochinche tema que está aclarado e que non forma parte dos prezos públicos municipais.

A concelleira do PsdG-PSOE roga se mire por accesos Pedral-Franzomil, así como, limpeza e adecuación da carretera de Boimil. Intervén o Alcalde para dicir que é da Deputación; resposta a concelleira do PsdG-PSOE que se fagan xestións na Deputación.

Roga a concelleira D<sup>a</sup> Sandra Sánchez as contas do Festival de 2015, as contas do Magrego e da Residencia de 2016.

Continúa a mesma concelleira rogando a limpeza da área recreativa do Castro e mellora na sinalización do camiño de Santiago.

Pregunta a mesma concelleira que funcións ten no goberno o concelleiro Balado que o veu revisando as obras do Pedral.

Resposta o Alcalde que como concelleiro ten dereito aínda que non teña asinatura a ver ditas obras.

Pregunta a concelleira do PsdG-PSOE, D<sup>a</sup> Sandra Sánchez, se segue facendo funcións de dirección na Residencia Teresa, resposta o Alcalde que sí.

A continuación o Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do BNG, D. Xosé Luis Rivas que roga se de conta das contas da Residencia, do Pai 2015 reunindo os tres partidos. Dirixíndose o alcalde roga que non se lle diga ós veciños que Mini denuncia obras sen licenza e que teñen que pedila xa que do contrario Mini denuncia, que o que fai Mini como deberían facer todos os membros da Corporación e velar polo cumprimento da legalidade vixente e non vender que se pode iniciar unha obra xa que te deixo eu.

Pregunta canto tempo levará sacar a Dirección da residencia a concurso. Resposta o alcalde que agora coa incorporación da Secretaria cando poidan.

Pregunta D. Xosé Luis Rivas se xa se mirou por ampliar os servizos de fisioterapia e podoloxía. Resposta o alcalde que non.

Di o concelleiro do BNG que roga se mire que son servizos importantes para os veciños e hábitos saudables.

Roga o concelleiro do BNG, D. Xosé Luis Rivas, que se redacte un Plan de desenvolvemento económico que xa están atendidos os novos e vellos pero falta o resto xa que senón o Concello desaparece en 15 anos, aínda que se fusione.

Pregunta D. Xosé Luis Rivas se mandaron as mocións e acordos doutros plenos, tamén se se fixo ordenanza de lodos. Roga que se inste á Xunta de Galicia para que non use herbicidas nas cunetas de carreteras - vías da súa titularidade, herbicidas que logo van parar ós ríos.

O alcalde dálle a palabra a D<sup>a</sup> Raquel Val, concelleira do BNG, que roga que se mire pola pista da Viladóniga, baixando á casa de Segade que segue como estaba. Pregunta polo tema de Angueiro. Resposta a concelleira do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo, que ese tema está solventado.

Pregunta D<sup>a</sup> Raquel Val se en Dorneá se tomou xa algunha decisión sobre o do cemiterio e do campo da festa. Explica a concelleira do PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo que chegou un escrito da Subdirección de Mobilidade de Terras que di que non se pode e que aparece en xunta de goberno. Aclara a Secretaria a resposta de Subdirección de Mobilidade de Terras remitíndose a acta da Xunta de goberno local de hoxe.

O concelleiro do BNG ,D. Xosé Luis Rivas di que o que se pretende é un fin social.

Continúa este concelleiro preguntando polo Convenio colectivo de traballadores, resposta o alcalde que están niso. Roga o concelleiro que se evite o mal ambiente entre traballadores que a tensión entre eles non e boa para o Concello. Pregunta o concelleiro se saben que hai masas comúns en Brates que necesitan poda anual e xa non é tempo por ser castiñeiros.

Ó non haber máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde remata a sesión, sendo as 21:24 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello